

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por A Alcaldesa-Presidenta (MARIA FERREIRO DIAZ) a las 12:24 del día 17/09/2024. Mediante el código de verificación 2S4R2D4Z4K3A002R19O4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Datos Do Expediente:

BONIFICACION FORNECEMENTO AUGA LIXO E SUMIDOIROS (S-SOC-30)		
Unidade Tramitadora:		
Servizos Sociais – JPLB		
Número expediente:	Documento:	
SSO/2024/177	SSO18S04AJ	
2S4R 2D4Z 4K3A 002R 19O4		

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE AXUDAS PARA O PAGO DAS LIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS DE ACOMETIDAS PARA ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE E REDE DE SUMIDOIROS NA ZONA RURAL

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto destas bases a regulación do procedemento para a concesión de axudas destinadas a facilitar o acceso ao fornecemento dos servizos básicos de auga e rede de sumidoiros na zona rural, das familias con escasa capacidade económica, para sufragar en parte os custes das acometidas de abastecemento de auga e rede de sumidoiros na zona rural do Concello de Narón.

Tendo en conta que unha vez rematadas as obras teñen que ser aprobadas as liquidacións tributarias, e notificadas aos interesados as liquidacións cos prazos correspondentes de ingreso, e que este proceso na maioría das ocasións se dilata no tempo, comprendendo o inicio e remate destas xestións dous exercicios orzamentarios, para non incorrer en discriminación ou desigualdade de trato da Administración ao administrado, por causas alleas ao mesmo, serán subvencionables as acometidas efectivamente realizadas con posterioridade ao remate do prazo de solicitude de axudas da convocatoria do ano 2022 (publicada no BOP o 6 de xuño de 2022), ata o último día do prazo de solicitude da presente convocatoria, en novos tramos das parroquias de Sedes, O Val, San Mateo, San Xiao, SNR (Camiño da Fonte) e Narón(Estrada do Trece, Lugar Ferrerías e Lugar Prados), en concordancia coas ordenanzas fiscais vixentes, e as bases de execución do orzamento para o exercicio 2024.

Esta axuda está recollida no Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Narón para os anos 2020, 2021 e 2022, e anos 2024, 2025 e 2026, contribuíndo a acadar o obxectivo: Contribuír a reducir a presión económica nas familias necesitadas a través da bonificación do fornecemento de auga, lixo e rede de sumidoiros, así como das acometidas de auga e rede de sumidoiros na zona rural.

Artigo 2.- Incompatibilidades

Estas axudas serán incompatibles con outras axudas de calquera outra administración pública ou privada, que se concedan para o mesmo obxecto, é dicir, para contribuír ao pago das acometidas de abastecemento de auga e rede de sumidoiros na zona rural do Concello de Narón.

Artigo 3.- Beneficiarios/as

Será requisito para ser beneficiario/a desta axuda estar empadroado/a no Concello de Narón, na vivenda para a que se solicita a subvención. Por tanto, quedarán excluídos destas axudas os solicitantes non empadroados no Concello de Narón, así como aqueles que estando empadroados no termo municipal soliciten a axuda para unha vivenda distinta da habitual.

Poderán solicitar as axudas a que se refire esta convocatoria, os propietarios das vivendas, con escasa capacidade económica, que houberan satisfeito, ou deberan satisfacer (por ter solicitado ou concedido un fraccionamento de pago) o importe das taxas xeradas para a conexión á rede xeral de auga potable e rede de sumidoiros na zona rural obxecto desta convocatoria.

Enténdese que existe escasa capacidade, aos efectos desta convocatoria, cando a unidade familiar de convivencia do solicitante, en función do número de membros, non supere o umbral de renda, referida ao IPREM (incluída a parte proporcional de pagas extraordinarias), que se establece na seguinte táboa:

Nº membros da unidade de convivencia / familiar	Importe da renda total máxima da unidade de convivencia /familiar para acceder ás axudas
1 ou 2	Ata 3 veces o IPREM (25.200,00 €)
3 ou 4	Ata 4 veces o IPREM (33.600,00 €)
Mais de 4	Ata 5 veces o IPREM (42.000,00 €)

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade de convivencia”:

- A formada polos cónxuxes, e os seus ascendentes, dalgún deles, e descendentes, que convivan habitualmente no mesmo domicilio.
- Nos casos de separación legal ou divorcio, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente no mesmo domicilio.
- A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acoledores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente no mesmo domicilio.
- A separación transitoria motivada por razón de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.

Teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

- Enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor non contribúa economicamente ao seu sustento (Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia).

Para determinar á capacidade económica, terase en conta:

- Os ingresos de todos os membros mencionados no apartado anterior.
- A dedución dos gastos xustificadas en concepto de amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o domicilio habitual. Os gastos de vivenda (amortización de hipoteca) teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se tería en conta eses gastos.
- No caso en que a capacidade económica da unidade de convivencia experimentase unha minoración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente aos tres últimos meses anteriores ao de inicio de prazo de solicitude.

De acordo co establecido no art. 14.k) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias estarán obrigados a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Administración no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 4.- Procedemento de concesión

A concesión das axudas efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, con subxección ao procedemento establecido na Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Narón, e no que non estea contemplado nestes textos serán de aplicación as normas contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Artigo 5.- Aplicación orzamentaria e contía total da mesma

A concesión destas axudas financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 2312.48002 do orzamento do concello de Narón para o exercicio 2024, polo importe máximo de 6.000,00€.

Artigo 6.- Forma, lugar, prazo e documentación para a presentación de solicitudes

6.1.- Forma, lugar e prazo

As solicitudes, en modelo oficial facilitado polo Concello, presentaranse xunto coa documentación correspondente:

- Na sede electrónica.
- No Rexistro Xeral do Concello, conforme ao modelo oficial facilitado polo Concello.
- Por calquera outro dos medios previstos no art. 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no BOP.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes presentadas fora do prazo establecido para solicitar, ditándose resolución pola que se declara o arquivo sen máis trámite, e que será notificada ao interesado.

6.2.- Documentación

A solicitude, segundo modelo oficial facilitado polo Concello, incorporará a declaración responsable dos seguintes extremos:

Que en aplicación do disposto no artigo 13.7 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para obter o recoñecemento dun dereito ou facultade ou para o seu exercicio, que dispón da documentación que así o acredita, que a poñerá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou exercicio. Así mesmo declara:

- Que non está incurso nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para ser beneficiario/a ou percibir subvencións da Administración pública, previstas no art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Que non é debedor de obrigas por reintegro de subvencións.
- Que está ao corrente coas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e concello) e coa Seguridade Social.
- Que NON SOLICITOU/OBTIVO outras axudas, subvencións, e/ou ingresos procedentes de calquera outra Administración Pública, entidade privada, ou de particulares (ingresos por asistencia ás actividades, viaxes, excursións, etc.), para o financiamento da subvención, e no caso de SOLICITALA/OBTELA, indicará a información no anexo I desta solicitude.

Así mesmo coa solicitude deberán acompañar a seguinte documentación:

6.2.1. Datos complementarios (Anexo I).

6.2.2. Carta de pago do tributo a nome do solicitante da axuda. No caso de fraccionamentos de pago presentárase a notificación do tributo, as cartas de pago por pagos xa realizados no seu caso, ou a concesión do fraccionamento.

6.2.3. Declaración da renda do último exercicio de todos os membros da unidade de convivencia, ou, no caso de non estar obrigados a facela:

- Certificado de imputación de rendas da Axencia Tributaria de todos os membros da unidade de convivencia/familiar.
- No caso de pensionistas: certificado do organismo pagador acreditativo das prestacións que recibe.
- No caso de desempregados: certificación do SPE acreditativa de estar en situación de desemprego, e percepción de prestación, de ser o caso.
- No caso de estar a traballar: contrato de traballo ou últimas dúas nóminas das persoas maiores de 16 anos que realicen actividades laborais.
- No caso de inactivos: documento do SPE acreditativo de non estar inscrito como demandante de emprego das persoas maiores de 16 anos

6.2.4. Resumo dos movementos bancarios dos últimos seis meses, emitido pola entidade bancaria, de todas as contas bancarias de que son titular os membros da unidade de convivencia familiar.

6.2.5. Contrato de hipoteca da casa e recibos dos últimos tres meses, de ser o caso.

6.2.6. Resolución xudicial de separación, divorcio, pensións de alimentos, ou de medidas provisionais, ou xustificante de ter presentado a demanda, de ser o caso.

6.2.7. Modelo T-TES-01 de datos bancarios, sempre que non consten neste Concello ou fosen modificados, ou documento municipal que o substitúa.

6.2.8. Outros específicos requiridos polo Concello segundo as circunstancias ou necesidades para a correcta valoración da solicitude.

O órgano instructor comprobará de oficio o empadramento ou a residencia do solicitante cos membros da unidade de convivencia, que deberá coincidir coa vivenda para a que se solicita a axuda. Naqueles expedientes no que sexa necesario, unirase o documento acreditativo do empadramento ou de residencia.

Así mesmo, de convivir no domicilio algún membro non empadroadado comprobarase a convivencia.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, o solicitante da axuda deberá mencionar o número de expediente ao que deberá incorporarse dita documentación.

Cando os documentos esixidos neste apartado xa estivesen en poder do Concello e non se producisen modificacións no seu contido, o/a solicitante poderá identificala como información accesible, e acollerse ao establecido no artigo 53 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sempre que se faga constar esta circunstancia, especificando o ano en que foi presentada dita documentación e o número de expediente correspondente.

Artigo 7.- Gastos subvencionables. Criterios de concesión e importes das axudas

7.1.- Gastos subvencionables

Serán gastos susceptibles de subvención aqueles relativos ás actuacións de acometida de auga e sumidoiros na zona rural, de titularidade municipal, levadas a cabo en novos tramos das parroquias de Sedes, O Val, San Mateo, San Xiao, SNR (Camiño da Fonte) e Narón(Estrada do Trece, Lugar Ferrerías e Lugar Prados).

Os gastos deberán estar referidos a actuacións realizadas durante o período sinalado no artigo 1 desta convocatoria.

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por A. Alcadesa-Presidenta (MARIAN FERREIRO DIAZ) a les 12:24 del día 17/09/2024. Mediante el código de verificación 2S4R2D4K3A0O2R19O4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.



Tamén terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que habéndose realizado as obras con anterioridade ao remate do prazo para solicitar na convocatoria do ano 2024, estiveran pendentes da notificación da liquidación tributaria.

7.2.- Criterios de concesión e importes das axudas

O importe das axudas quedará determinado polos tramos de renda familiar que se especifican no presente apartado e o número de membros da unidade familiar.

O importe máximo das axudas non poderán superar o 95 % da cota reducida establecida na ordenanza fiscal nº 38 vixente, reguladora das prestacións patrimoniais públicas non tributarias pola prestación dos servizos de subministración de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais:

Nº membros unidade familiar	Tramos renda familiar	% axuda
1 ou 2	Menos 12.000 €	95 %
	Entre 12.000 € e 14.000 €	70%
	Entre 14.001 € a 15.500 €	50 %
	Entre 15.501 € a 19.000 €	30%
	Entre 19.001 € e 24.318,84 €	10 %
3 ou 4	Menos de 22.000 €	95%
	Entre 22.000 € e 24.000 €	70%
	Entre 24.001 € a 25.000 €	50 %
	Entre 25.001 € a 26.500 €	30%
	Entre 26.501 € e 32.425,12 €	10 %
Máis de 4	Menos de 28.000 €	95%
	Entre 28.000 € e 30.000 €	70%
	Entre 30.001 € a 33.000 €	50 %
	Entre 33.001 € a 36.000 €	30%
	Entre 36.001 € e 40.531,40 €	10%

Tendo en conta que o obxecto destas axudas é favorecer aos propietarios das vivendas con escasa capacidade económica, se da documentación aportada polo solicitante se deduce que existen signos externos ou capital mobiliario suficientes para afrontar o gasto para o que se solicita a subvención, será causa de denegación da axuda, independentemente de que os ingresos da unidade familiar non supere o umbral de renda establecido na anterior táboa.

Artigo 8.- Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento

Corresponderá ao Servizo Sociocomunitario Municipal a instrución dos expedientes, que á vista da solicitude e da documentación achegada poderá requirir ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles emende os erros ou complete a documentación preceptiva (art. 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do art. 21 da Lei 39/2015, e notificada ao interesado.

A cada expediente se incorporará un informe de avaliación provisional realizado polo Técnico correspondente.

Os expedientes que reúnan as condicións para continuar coa súa tramitación, serán remitidos á Comisión de Valoración, que poderá solicitar o asesoramento dos técnicos que estime necesarios e informe técnico do departamento tramitador, se así o considerase oportuno.

A Comisión de Valoración emitirá informe expresando a relación de solicitantes para os/as que se propón a concesión ou denegación da axuda, enderezo da vivenda afectada polas obras, o tanto por cento de axuda, importe da axuda, e causas de denegación.

O órgano instructor, á vista do informe da Comisión de Valoración, formulará unha proposta de resolución motivada ao órgano competente para resolver, e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os beneficiarios/as compren todos os requisitos necesarios para ser beneficiarias das axudas.

Esta proposta de resolución conterá unha relación con todos os expedientes avaliados pola Comisión de Avaliación, e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedida ou denegada).

No caso de axudas:

Concedidas: sinalarase o enderezo da vivenda afectada polas obras, o tanto por cento da axuda, e o importe da axuda concedida a cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas non pode superar o crédito consignado.

Denegadas: faranse constar a causa de denegación.

- Non estar empadroadado/a ou non residir na vivenda para a que se solicita a axuda
- Superar os ingresos
- Non estar ao corrente das súas obrigas fiscais
- Outras causas

O órgano competente para resolver será a Alcaldía, que a proposta do órgano instructor, e previo informe da Comisión de Valoración, segundo procedemento establecido na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, resolverá a aprobación ou denegación definitiva das axudas.

O prazo máximo para resolver será de seis meses, contados a partir da data do acordo de inicio, agás que sexa necesario requirir datos aos solicitantes, e se paralice o procedemento por tal causa, nos termos establecidos no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O silencio administrativo terá carácter desestimatorio.

En todo caso, a axuda concederáse en función do crédito dispoñible da contía máxima establecida para a convocatoria. Por este motivo non será suficiente para percibir a prestación con que o solicitante reúna os requisitos esixidos, senón que é preciso que exista dotación orzamentaria adecuada e suficiente.

No caso de que o orzamento dispoñible non fora suficiente terán preferencia as solicitudes con renda "per cápita" familiar mais baixa, e no caso de igualdade, aquel solicitante cuxa unidade familiar este composta por maior número de membros.

Artigo 9.- Comisión de Valoración

A Comisión de Valoración estará formada por:

- Presidente: a/o Concelleira/a delegada/o de Benestar Social
- Vocal: a/o Xefa/e do Servizo Sociocomunitario
- Vocal: unha/un Técnico de Xestión do Servizo Sociocomunitario
- Secretario: o Secretario da corporación ou funcionario en quen delegue.

A Comisión emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación. A lista de concesión farase por orde inversa ao da renda da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederase a aquel solicitante cuxa unidade familiar este composta por maior número de membros.

Artigo 10.- Modificación da resolución de concesión

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polo solicitante suporá o reintegro da axuda, no caso de ter cobrado a mesma.

Artigo 11.- Pago da axuda, forma de xustificación e reintegro, de ser o caso

11.1.- Pago da axuda

O pago das axudas concedidas realizarase mediante transferencia á conta bancaria que conste no modelo T-TES-01 de datos bancarios, presentado xunto coa solicitude.

11.2.- Forma de xustificación da axuda

Ás persoas beneficiarias desta axuda que solicitasen fraccionamento de pago, na notificación da resolución de concesión se lles indicará:

- A obriga que teñen de xustificar documentalmente o pago total das taxas xeradas para a conexión á rede xeral de auga potable e rede de sumidoiros na zona rural obxecto desta convocatoria.
- A xustificación se realizará dentro dos 15 días seguintes á finalización do prazo concedido para o pago do último importe do fraccionamento. No caso de que o pago total do fraccionamento solicitado fose realizado antes da notificación da resolución de concesión, a xustificación realizarase dentro dos 15 días seguintes á recepción da notificación de concesión da axuda.

11.3.- Reintegro

En caso de incumprimento da obriga de xustificar, procederá o reintegro total ou parcial da axuda concedida, en función da contía pagada da taxa.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora, dende o momento do pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, na contía legalmente establecida e coa tramitación previa do expediente, de acordo co establecido na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón.

As persoas beneficiarias poderán realizar un reintegro voluntario ou unha devolución voluntaria dos fondos públicos recibidos, sen que exista un requirimento previo da Administración, tal como establece o artigo 90 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei de Subvencións.

Deste xeito, cando a persoa beneficiaria decida voluntariamente efectuar o reintegro total ou parcial da axuda que lle foi concedida polo Concello, poderá realizar o ingresos, cos xuros de demora que, no seu caso, procedan, mediante transferencia bancaria á conta ES1520800235913110000017, indicando no concepto da transferencia "Reintegro axuda pago acometidas Zona Rural 2024".

Artigo 12.- Notificación e recursos

A resolución que conceda ou denegue as axudas será notificada ao solicitante, de acordo co establecido no art. 40 e ss. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tendo en conta o medio de notificación indicado na solicitude polo interesado, poñendo fin á vía administrativa.



Na mesma indicarase ao interesado que esta información será remitida ao Rexistro Público de Subvencións, de cordo co establecido no art. 14.1.ñ) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Contra ela poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, conforme ao establecido nos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ser impugnado directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación da resolución, ou ao seguinte que se considere desestimado por silencio administrativo.

Artigo 13.- Criterios de gradación por incumprimento da obriga de xustificación

O criterio de aplicación para determinar a cantidade que debería ter percibida o/a beneficiario/a, e no seu caso, o importe a reintegrar, responderá ao principio de proporcionalidade, e se calculará aplicando a porcentaxe entre a obriga total de xustificación e a cantidade realmente xustificada.

Artigo 14.- Revogación e réxime sancionador

Será motivo de revisión e, no seu caso, de revogación da axuda concedida o feito de recibila sen cumprir as condicións requiridas para elo, sen prexuízo das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.

Será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido nos art. 50 a 68 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia, e nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Artigo 15.- Datos de carácter persoal

En todo o procedemento aquí regulado darase cumprimento ao establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Artigo 16.- Normas de aplicación

En todo o non previsto nestas bases, a concesión ou denegación destas axudas regularase polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no R.D. 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento que desenvolve a Lei 38/2003, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Narón, e demais normativa concordante.

Artigo 17.- Publicación do anuncio da convocatoria

A presente convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación no BOP, ademais de ser exposta na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos. Publicarase un extracto da mesma nun xornal de difusión na comarca, con indicación do obxecto e finalidade das axudas, requisitos para formular as solicitudes, lugar e prazo de presentación das mesmas, e a oficina municipal onde se poden obter os modelos de solicitude.

MARIAN FERREIRO DIAZ
A Alcaldesa-Presidenta
17-09-2024 12:24:53